


V.- AS PRINCIPAIS POTENCIAS IMPERIALISTAS



A.- O IMPERIO BRITÁNICO

Está formado por territorios moi diferentes repartidos por todos os continentes e adquiridos en distintas épocas. **Foi o máis grande** dos Imperios (1914: 33 millóns de Km² e tiña 450 millóns de habitantes, a cuarta parte da poboación mundial).

A súa principal colonia era a **India** “a xoia da Coroa”, o seu mercado máis grande e o seu principal abastecedor de materias primas. Outro dos intereses básicos británicos era o control das principais rutas comerciais, por eso tiñan colonias nos **puntos estratéxicos para as comunicacións**: Xibraltar, Suez ou Hong Kong. En **África** os ingleses, como xa sabemos, estiveron interesados en unir o norte co sur : do Cairo a Cidade do Cabo. Hai que destacar neste Imperio un tipo de colonias especial: **os dominios**, colonias onde se instalaron importantes continxentes de poboación inglesa que pouco a pouco foron adquirindo unha ampla autonomía de goberno, dispoñendo de institucións semellantes ás da metrópole e cuxos habitantes disfrutaban dos mesmos dereitos e privilexios: Canadá, Australia, Nova Zelanda e Sudáfrica.




As élites locais conservaron a súa superioridade grazas á colaboración coas autoridades coloniais. Na imaxe, un equipo de polo, formado por un grupo de príncipes hindús e oficiais do exército británico.

B.- O IMPERIO FRANCÉS

A expansión francesa foi máis reducida e ningunha das súas colonias tiña a importancia económica da India. O seu Imperio tiña unha extensión de 10 millóns de Km² e unha poboación de 48 millóns de habitantes. O **proxecto francés de dominar África de leste a oeste**, estendendo o seu dominio desde Senegal ata Somalia, bateu cos británicos no Sudán. No entanto, Francia consolidou o seu dominio nunha extensa área que comprendía Marrocos, Alxeria, Tunisia, e máis ao sur, nas chamadas África Occidental Francesa (Senegal, Costa de Marfil, a conca do Níxer) e África Ecuatorial Francesa. Tamén crearon puntos de apoio, como é o caso de Madagascar, para asegurar as súas vías de comunicación. Colonizaron o **Extremo Oriente asiático**, ocupando parte da Península de Indochina (actuais Vietnam, Camboxa, Laos).

? **23.-** Cales foron as **dúas potencias coloniais europeas máis importantes?**
Que **zonas** ocuparon?




A imaxe representa unha alegoría da conquista de Alxeria, que foi ocupada polos franceses a partir de 1830, converténdose nunha colonia de poboamento que chegou a ser considerada unha provincia máis de Francia.

V.- AS PRINCIPALES POTENCIAS IMPERIALISTAS

A.- O IMPERIO BRITÁNICO

B.- O IMPERIO FRANCÉS

? 23.- Cales foron as dúas potencias coloniais europeas máis importantes? Que zonas ocuparon?



A India foi a colônia inglesa máis importante, **en 1877 a rainha británica Vitoria I, foi nomeada emperatriz da India**. O seu reinado (1837-1901) foi de tal importancia que é coñecido como a “Era Vitoriana”. Esta etapa de esplendor coincidiu coa grande expansión do Imperio Británico, que se converteu na primeira potencia mundial.



“Delhi Durbar” significa Tribunal de Delhi, era unha assemblea de masas realizada en Delhi, India, para conmemorar a coronación do rei e a rainha do Reino Unido. Tamén coñecido como o Durbar Imperial, levouse a cabo en tres ocasións, en 1877, 1903 e 1911. O Durbar de 1911 foi o único ao que asistiu o soberano, neste caso en particular Jorge V do Reino Unido (1910-1936) e a rainha María, feito que mostra a imaxe.




C.- A POLÍTICA IMPERIALISTA DOS ESTADOS UNIDOS



Desde a súa creación en 1783, a nova nación expandiuse sobre os enormes espazos, case baleiros, situados ao oeste da fronteira (*a Conquista do Oeste* supuxo a anexión violenta de amplas zonas ocupadas polos nativos indios). Esa expansión foi favorecida pola inmigración que recibía desde Europa. Entre os anos 1800 e 1850, a poboación dos Estados Unidos pasou de 5 a 23 millóns; ese crecemento debeuse á chegada de inmigrantes procedentes, sobre todo, do Reino Unido (incluía Irlanda) e de Alemaña.

A preocupación inicial dos EEUU estivo centrada na **colonización e anexión das terras situadas no interior do continente**, para ello foron incorporando novos territorios a través de guerras de conquista, acordos diplomáticos ou compras.

Luisiana e Florida foron compradas a Francia e España a principios do s.XIX. Reino Unido cedeu Oregón en 1845, o mesmo ano no que foi anexionada Texas. Tras unha curta guerra con México, foron incorporados en 1848 Novo México, Arizona, Nevada e California, así que Estados Unidos **chegou á costa do Pacífico**, que foi rapidamente colonizada. O territorio de Alaska foi comprado a Rusia en 1867.



? 24.- Que dirección seguiu a **expansión inicial** de Estados Unidos? Que **medios** se usaron para adquirir os territorios?


25.- **Describe** o proceso de expansión cara ao oeste.

C.- A POLÍTICA IMPERIALISTA DOS ESTADOS UNIDOS


? 24.- Que dirección seguiu a **expansión inicial** de Estados Unidos? Que **medios** se usaron para adquirir os territorios?

25.- **Describe** o proceso de expansión cara ao oeste.

Os **pioneiros** que viaxaban cara ao oeste o facían en caravanas de carros, nos que levaban as súas pertenzas e provisións. Ao chegar ao seu destino, cada familia elixía onde quería establecerse. Talaban árbores para levantar as súas casas e limpaban e araban a terra. En 1862, o Goberno dos Estados Unidos aprobou a **Homestead Act**, que ofrecía, a cambio dunha pequena suma de diñeiro, 65 hectáreas de terreo a cada familia que se establecese e labrase a terra durante cinco anos polo menos. Miles de familias aceptaron a oferta e as Grandes Chairas e o Oeste do continente norteamericano enchéronse de colonos. **Pero a terra que o Goberno vendía tan barata era arrebatada aos nativos americanos, aos que se confinou en reservas.**



O **ferrocarril permitiu a rápida colonización do Oeste**. En 1869 foi inaugurada a liña que unía as costas leste e oeste. Os cazadores brancos mataron miles de búfalos para alimentar aos traballadores do ferrocarril, que eran na súa maioría chineses, destruindo así a forma de vida dos indios que vivían nas Grandes Chairas centrais.



As diferenzas entre os Estados do Norte e o Sur levaron á **Guerra de Secesión** (1861-65) que rematou coa derrota do Sur e a abolición da escravitude. Tras a fin do conflito impúxose o modelo industrial capitalista do Norte. Os seus enormes recursos enerxéticos e de materias primas, unidos á utilización da tecnoloxía e aos avances desenvolvidos en Europa, converteron a Estados Unidos en poucas décadas nunha gran potencia.

O poderío económico de Estados Unidos plasmouse nunha **política internacional intervencionista**. Tras a Guerra de Secesión a súa **expansión colonial dirixiuse cara ao Pacífico e o Caribe**. No Pacífico logrou enclaves como Hawai e Samoa. A guerra contra España en 1898 sancionou a súa expansión ultramarina, ao lograr o control de Cuba e a anexión de Porto Rico e Filipinas. A principios do s.XX apoiou a Panamá na súa secesión de Colombia, a cambio do permiso para construír e controlar a canle, que se abriu no ano 1914.

- ? 26.- A que se debeu a **Guerra de Secesión**?
Que **supuxo** o fin do conflito?
- 27.- Que foi a chamada “**doutrina Monroe**”?
- 28.- **Describe** o proceso de expansión tras a Guerra de Secesión.



Xa nas décadas iniciais do século XIX, o goberno norteamericano formulou a denominada **doutrina Monroe**, (resumida na expresión “*América para os americanos*”), que pretendía defender a independencia dos novos Estados recentemente xurdidos en todo o continente americano fronte a calquera intento, por parte dos europeos, de volver a colonizalos ou intervir no seu libre desenvolvemento político.



? 26.- A que se debeu a **Guerra de Secesión**? Que **supuxo** o fin do conflito?

*A Constitución dos Estados Unidos deixaba nas mans de cada Estado a **abolición da escravitude**. Os Estados do Norte e do Oeste abolírona, mentres que os do Sur a mantiveron porque era a base das súas explotacións de algodón e tabaco. O enfrontamento entre abolicionistas e escravistas intensificouse a mediados do s.XIX dando lugar á **Guerra de Secesión** (1861-65). Foi unha guerra moi destrutiva, houbo máis de 600000 mortos e nela empregáronse por primeira vez armas modernas (acoirazados, fusís, revólveres). O conflito provocou medio millón de mortos e arrasou moitos territorios. **O triunfo do Norte supuxo a abolición da escravitude, aínda que a igualdade de dereitos civís da poboación negra non se logrou ata moitos anos despois.***






27.- Que foi a chamada “**doutrina Monroe**”?



A **Doutrina Monroe**, sintetizada na frase «**América para os americanos**», foi atribuída ao presidente James Monroe no ano 1823, segundo a cal calquera intento de colonización ou intervención dunha potencia europea para recuperar as ex-colonias en territorio do continente americano sería respondido por Estados Unidos, que no toleraría ningunha clase de intromisión na zona. Así mesmo, adquiría o compromiso de non intervir nos asuntos europeos.

Aínda que o fin orixinal da doutrina Monroe era evitar a expansión do colonialismo europeo, **na práctica serviu aos Estados Unidos** para facer o que precisamente trataban de impedir aos europeos e converteuse nunha ferramenta **para xustificar** a expansión cara ao Oeste desde mediados do s.XIX e as súas intervencións militares, económicas ou políticas en Latinoamérica, xa no s.XX.






28.- Describe o proceso de expansión tras a Guerra de Secesión.

Desde finais do século XIX o imperialismo norteamericano presenta destacadas particularidades, pois non se caracteriza tanto pola anexión de territorios fóra das súas fronteiras como pola intervención económica e financeira noutros países independentes menos desenvolvidos. É o que se coñece como **Neocolonialismo**, motivado polo seu forte desenvolvemento industrial e a necesidade de asegurarse o abastecemento de materias primas e a apertura de mercados. A soberanía política dos países que quedan baixo a súa influencia vai acompañada dunha dependencia económica e cultural que subordina os intereses deses territorios aos de Estados Unidos.



O expansionismo norteamericano e xaponés (1867-1914)



D.- O IMPERIALISMO XAPONÉS

A **Revolución Meiji** (*Luz, progreso*, 1867-1912) supuxo para Xapón a abolición do feudalismo, o inicio da modernización económica e a ruptura co illacionismo anterior. Ante o temor a ser dominados polas potencias europeas occidentais, a maioría dos xaponeses iniciaron con entusiasmo a **modernización económica e a transformación política e social** do seu país para poñelo ao mesmo nivel de industrialización que os países máis desenvolvidos.

A vida cotiá e a sociedade sufriron grandes cambios, imponéndose a **occidentalización**. Cambios que afectaron á dieta, á roupa, á estética...adoptando os modelos occidentais e abandonando os tradicionais. Nunhas poucas décadas, co apoio de técnicos occidentais, transformouse a estrutura económica do país, converténdose así nunha **gran potencia económica e industrial**. A nivel político imitaron o modelo liberal pasando dunha monarquía feudal a unha monarquía constitucional.

A expansión económica e o crecemento da poboación **obligou a Xapón a buscar territorios** nos que obter os recursos que escaseaban no arquipélago, ao mesmo tempo que buscaron mercados para vender os produtos industriais, asentar o seu excedente demográfico e o establecemento de colonias para demostrar a súa potencia ante os países occidentais presentes en Asia oriental.



- 29.- Que **supuxo** para Xapón a Revolución Meiji?
- 30.- Indica as **causas** do Imperialismo xaponés.

A expansión xaponesa no Extremo Oriente comezou coa incorporación de arquipélagos próximos ás súas costas: Illas Kuriles (1875), Riu-Kiu (1876-79). Posteriormente o obxectivo xa foi o continente. Isto levou á **guerra entre China e Xapón (1894-95)** pola península de Corea. A vitoria xaponesa permitiúlles o control da illa de Formosa. Tamén conseguiron que China recoñecera a independencia de Corea.

Finalmente entre **1904 e 1905** tivo lugar a **guerra entre Rusia e Xapón** pola coincidencia dos seus intereses na rexión chinesa de Manchuria. A nova vitoria xaponesa permitiúlles ocupar o sur da illa de Sakhalín e obter os dereitos de explotación mineira e do ferrocarril en Manchuria. Pouco despois, en 1910, Xapón ocupou sen oposición a península de Corea.

A vitoria sobre Rusia significou a súa clara expansión polo continente asiático, que continuará durante a Primeira Guerra Mundial.



? 31.- Contra que **países** loitaron os xaponeses antes de 1914 e que **territorios** ocuparon?



D.- O IMPERIALISMO XAPONÉS

- 29.- Que **supuxo** para Xapón a Rev. Meiji?
- 30.- Indica as **causas** do imperialismo xaponés.
- 31.- Contra que **países** loitaron os xaponeses antes de 1914 e que **territorios** ocuparon?



A arte xaponesa foi reflexo dos **cambios vividos polo país** tras as influencias estranxeiras chegadas ás illas. Nos grabados da época aparecen figuras vestidas con ropaxes occidentais. Como exemplo da modernización industrial pódense ver o ferrocarril, a máquina de vapor ou as estruturas metálicas das pontes, como símbolo dos avances tecnolóxicos.

*A comenzo do s.XX acrecentáronse as diferenzas entre Rusia e Xapón pola rexión de Manchuria e a Península de Corea. As disputas levaron á **Guerra Ruso-Japonesa** (1904-1905), a vitoria de Xapón xerou unha enorme sorpresa ao ser a primeira nación extraoccidental na historia moderna en derrotar a unha das grandes potencias europeas. O Tratado de Portsmouth (1905) puxo fin á contenda, xerando o recoñecemento ruso de Corea e Manchuria como zonas de influencia nipona. Isto daríalle a Xapón vía libre para o expansionismo na Península de Corea, 5 anos máis tarde.*

